

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA  
CORPORACION O DIA 1 DE SETEMBRO DE 2000**

=====

Sres. Asistentes

**SR. ALCALDE:**

***Anxo M. Quintana González***

**CONCELLEIROS:**

**Polo BNG:**

*Francisco García Suárez*

*Antón Blanco Rodríguez*

*Luis Nogueiras Fernández*

*Xosé Manuel Castro Losada*

*Gumersindo Feijoo Fernández*

*Ramón S. Bouzas Gonzalez*

*Manuel Rodríguez Varela*

*Cristina Cid Fernández*

**Polo PP:**

*José Luis Cid Cid*

*Antonio Rodríguez Miranda*

**SECRETARIO:**

*Don Maximino Jardón Pedras*

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas e trinta minutos do día un de setembro de dous mil, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr Alcalde, ***Anxo M. Quintana Gonzalez***, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asiste o concelleiro do BNG,  
*Raúl Vasalo Domínguez*

-----ORDE DO DIA-----

- 1. ACTAS.- Aprobación da correspondente á sesión do 4/08/00.**
- 2. Escrito de Anxo M. Quintana González renunciando ao cargo de Alcalde.**
- 3. Elección de novo Alcalde.**

-----///-----

- 1. ACTAS.- Aprobación da correspondente á sesión do 4/08/00.**

Quedou aprobada por unanimidade sen modificación algunha.

- 2. Escrito de Anxo M. Quintana González renunciando ao cargo de Alcalde.**

Deu conta do seu escrito de data 28-08-00, nº 2647, o propio Alcalde, Anxo M. Quintana González, no que explica que as novas ocupacións como representante da Comunidade Autónoma no

Senado impídenlle atender a Alcaldía co tempo e dedicación que merece o cargo, polo que renuncia ao cargo de Alcalde, permanecendo como concelleiro dentro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, solicitando que a Corporación tome razón desta decisión e proceda a elección de novo Alcalde.

A corporación tomou razón da renuncia presentada, asumindo neste intante a presidencia da sesión o Teniente de Alcalde, Antón Blanco Rodríguez.

### **3. Elección de novo Alcalde.**

Seguidamente procédese a elección do novo Alcalde segundo as normas de procedemento previstas na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

É candidato ao cargo de Alcalde, D. FRANCISO GARCÍA SUÁREZ, polo BNG; o PP renunciou expresamente a presentar candidato.

#### Votación.

A continuación os concelleiros van sendo chamados, por orde alfabética, para que depositen o seu voto na urna preparada ao efecto.

#### Escrutinio.

Terminada a votación, pola Presidencia procédese a efectuar o correspondente escrutinio, co seguinte resultado:

- Votos emitidos a favor do candidato ..	9.-
- Votos en blanco.....	2.-
TOTAL VOTOS EMITIDOS...	11.-

#### Proclamación de Alcalde.

Feito público o resultado da votación, a presidencia declarou proclamado alcalde, pola maioría absoluta legal dos membros da Corporación, D. FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ, do Blque Nacionalista Galego.

#### Aceptación do cargo e toma de posesión.

Seguidamente, aceptado o cargo, o Alcalde leu persoalmente a fórmula de acatamento á constitución prevista no Real Decreto 707/79, de 5 de abril, que se transcribe:

*Eu, Francisco García Suárez, prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado, comprometendose asimesmo a defender firme os intereses dos veciños de Allariz.*

Seguidamente, o novo Alcalde dirixiu aos presentes unhas palabras de agradecemento e recoñecemento. De recoñecemento, en primeiro lugar, ao seu antecesor, Anxo M. Quintana González, pola sá labor ao frente da alcaldía: no tempo que estivo ao frente da alcaldía -afirmou- escribíronse unhas das páxinas mais brillantes da historia de Allariz. Expresou a firme vontade de manter a mesma linea de xestión política marcada ata agora baseada nun programa de goberno refrendado maioritariamente polos veciños nas pasadas eleccións para o que conta co apoio do equipo de goberno; aos concelleiros da oposición ofertoulles a súa disposición de dialogo e consenso en todas aquelas cuestións que afecten a gobernación do Concello, ao tempo que lles ofrece a maior dispoñibilidade para facilitar a labor de control e fiscalización que lles é propia, pero tamén lles pide un esforzo para que saiban poñer por encima doutros intereses, cando así corresponda, por sentido institucional, os intereses dos veciños de Allariz. Aos traballadores, que definiu como pezas fundamentais da xestión municipal, pediulles un esforzo, con entrega e imaxinación para, fuxindo de actitudes conformistas e burocráticas, sirvan con eficacia os intereses dos veciños de Allariz.

Por diante -sinalaou- ten un reto, cal é o de aproveitar todas as potencialidades que ofrece o municipio para seguir avanzando no seu desenvolvemento social e económico. Nese sentido, prantexa como obxetivos a alcanzar o incremento da poboación baseado nun modelo urbanístico equilibrado que terá o seu reflexo no Plan Xeral de Ordenación Municipal que servirá para dar un novo impulso de crecemento e asentamento poboacional; propón aumentar a implantación de novos servizos que reforcen e consoliden as expectativas de calidade de vida que se están a alcanzar. A esta idea responden proxectos como os da piscina cuberta climatizada, mellora dos accesos, nova gardería municipal, etc... e, en definitiva, pretende impulsar todos os proxectos que xeneran riqueza aproveitando os recursos propios do municipio, para o que brinda o seu apoio e colaboración a todos os sectores económicos e sociais para entre todos impulsar eses proxectos.

Finalmente, logo de ofertarlles a todos os veciños a súa maior dispoñibilidade rematou recordando aquelas palabras de Bertold Breght que dicían: hai pobos que loitan un día e son bos; hai pobos que loitan anos e son millores, e hai pobos que loitan dos unha vida: eses son imprescindibles.

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Teniente de Alcalde, en funcións de Presidente, levantou a sesión ás vinteunha horas e dez minutos do mesmo día do seu comenzo. Certifico e dou fe.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO,

Antón Blanco Rodríguez